

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA, A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMAga) PARA O DESENVOLVEMENTO DE MODELOS COMPUTACIONAIS PARA O ESTUDO E PREDICIÓN DA CIRCULACIÓN DE AIRE NO INTERIOR DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

**Dunha parte a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, e no seu nome e representación D. Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de **conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades** para o que foi nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio de 2022, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

**Doutra**, D. Daniel Carlos Lorenzo Santos, co número de DNI 33262341V e enderezo a efectos de notificacións na Rúa do Vilar nº 1, 1º dereita de Santiago de Compostela, na súa calidade de **Director Xeral da Fundación Catedral de Santiago de Compostela**, segundo o nomeamento efectuado polo Padroado da Fundación na xuntanza de data do 15 de abril de 2011 e a ampliación de facultades outorgada mediante acordo do Padroado adoptado en xuntanza de data 16 de maio de 2011.

**E doutra**, Dna. Rosa María Crujeiras Casais, co número de DNI 52931780V e enderezo a efectos de notificación no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, na súa calidade de **Directora Científica** en funcións do **Consortio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (en adiante CITMAga)**, con poder para este acto, concedido polo Consello Reitor do Centro, celebrado o 8 de setembro de 2021.

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o CITMAga, é un consorcio público constituído polas tres Universidades galegas (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo), creado de conformidade co acordo de colaboración e estatutos publicados o xoves 19 de agosto de 2021 no Diario Oficial de Galicia, segundo resolución do 30 de xullo de 2021 dos reitores das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, como entidade sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica de seu; ao amparo do capítulo VI do título II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. O obxecto do CITMAga é a investigación de excelencia e a transferencia de coñecemento en todas as áreas das matemáticas, a través do establecemento dunha axenda científica orientada e especializada, organizada en áreas de investigación e programas dirixidos á consecución dos retos globais establecidos nas estratexias marco de I+D+i. O CITMAga ten como fin converterse nun pilar de excelencia científica dentro do ecosistema de innovación e investigación de Galicia, formando, atraendo e retendo talento, para dotar a sociedade e a industria galega e española de coñecemento innovador e vantaxes competitivas e sostibles a través do acceso a capacidades científicas e tecnoloxías de primeiro nivel. Así mesmo, o CITMAga considera como eixo fundamental da súa actividade a transferencia de tecnoloxía e coñecemento a través da súa oficina de xestión dos resultados



da investigación (ITMATI) e do programa transversal de transferencia do consorcio. É por iso que desenvolve actividades de Transferencia de Tecnoloxía, Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico, estando interesado en colaborar cos sectores socioeconómicos para contribuír na innovación e a modernización do sistema produtivo.

**Segundo.-** Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias sobre investigación científica e técnica de acordo co artigo 27.19º da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía.

**Terceiro.-** Que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no seu artigo 122 establece as obrigacións da Xunta de Galicia en materia de difusión, formación e educación, determinándose no seu punto 3º que “promoverá a formación, o ensino especializado e a investigación nas materias relativas ao estudo, á conservación e ao enriquecemento do patrimonio cultural e establecerá os medios de colaboración adecuados para este fin coas universidades e os centros de formación e investigación especializados”.

**Cuarto.-** A Catedral de Santiago de Compostela é un ben cultural sobranceiro do patrimonio cultural galego. Está declarada ben de interese cultural pola lei do 22-08-1896 publicada na Gaceta número 238 do 25-08-1896, e está polo tanto, suxeita ao réxime de protección e conservación do patrimonio cultural que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Polos seus valores propios é sen dúbida un dos bens culturais máis senlleiros, coñecidos e visitados da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais é un ben singular e principal doutros dous bens de interese cultural: a cidade antiga de Santiago de Compostela e os Camiños de Santiago. A cidade antiga de Santiago de Compostela, conxunto histórico declarado ben de interese cultural e que foi recoñecido pola UNESCO como un conxunto urbano posuidor de valor universal excepcional e incorporado á lista do Patrimonio Mundial. A Catedral de Santiago de Compostela e as reliquias do Apóstolo Santiago o Maior que custodia é a meta final das rutas de peregrinación recoñecidas e denominadas Camiños de Santiago. Entre estas, o Camiño Francés e o Camiño do Norte coas súas dúas rutas: ruta da costa e ruta do interior ou Camiño Primitivo ou de Ovedo teñen a consideración de ben de interese cultural, coa categoría de territorio histórico e foron recoñecidos pola UNESCO como sitios posuidores de valor universal excepcional e foron incorporados á lista do Patrimonio Mundial.

**Quinto.-** Necesidade do coñecemento do movemento do aire interior dun edificio histórico. O estudo do comportamento do aire en espazos interiores habitados foi sempre un área de interese científico. Á marxe doutras consideracións, uns niveis altos de CO2 implican unha serie de efectos non desexados que se manifestan tipicamente en contornos laborais ou en espazos con afluencia de público.

A aparición da COVID-19 reforzou a necesidade de tales estudos, máxime tras constatar a transmisión aérea do coronavirus. Por tanto, tal e como se ten indicado por autores de referencia, un factor clave para controlar a propagación do SARS-CoV-2 é a mellora da calidade do aire interior. Fóra de cuestións sanitarias ou de calidade do aire respirable, están os efectos que ese volume de aire interior poida ter sobre a propia conservación do edificio. Así, por exemplo, os niveis de humidade (res-



ponsables de gran parte dese deterioro cando nos circunscribimos ao caso concreto de Galicia e Santiago de Compostela) son altamente dependentes da temperatura e da velocidade de fluxo do aire sobre as superficies do edificio. Obviamente, as condicións meteorolóxicas externas xogan un papel determinante, e a súa influencia e acceso/saída ao/do volume interior do recinto son unha cuestión de primeira orde.

O coñecemento do comportamento do aire no espazo interior da catedral e a posibilidade de prever con tempo suficiente medidas destinadas a regulalo ou modificalo é necesario para o deseño, desenvolvemento e implantación dun efectivo plan de conservación preventiva da Catedral de Santiago e do patrimonio artísticos que contén, entre o que destaca de forma senlleira o Pórtico da Gloria.

Neste punto incide o proxecto aquí proposto, dende unha liña novidosa como a da modelización computacional dos fluxos de aire no interior da Catedral de Santiago. Un enfoque diferente, dende unha área distinta das habituais, e non posto en práctica ata a data. O coidado do patrimonio cultural material é unha necesidade que precisa da colaboración de múltiples áreas de coñecemento.

Por último, a Comisión de Cultura e Educación do Parlamento Europeo, no seu informe de 2014 sobre un enfoque integrado do patrimonio cultural europeo, ten suxerido aos estados membros da UE apoiar directamente unha visión integral da investigación e a innovación”, apoiar “os sectores da investigación aplicada á preservación e valorización do patrimonio cultural”, valorar “o potencial dos proxectos de investigación interdisciplinarios para a conservación do patrimonio cultural” e mesmo “investigar máis detalladamente os múltiples efectos do cambio climático no patrimonio cultural e elaborar medidas para contrarrestalo”.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese comúns das partes asinantes nas que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é o establecemento das liñas de colaboración para a realización conxunta dun proxecto cuxa finalidade obxecto é dotarnos conxuntamente dun sistema de modelo matemático que describa correctamente a dinámica de fluxos de aire no interior da Catedral de Santiago. Para a consecución do obxectivo principal, deseñárase unha metodoloxía de traballo que se detalla a continuación:

Proceso 1. Reconstrución do dominio interior da catedral ocupado por aire.

Nesta primeira fase, o obxectivo principal é a reprodución do espazo interior da Catedral e a definición de tódalas posibles entradas de aire que modifiquen as condicións basais de circulación no seu interior. O que se pretende é, polo tanto, obter unha xeometría 3D optimizada para que poida ser empregada na fase de simulación numérica. Para isto será preciso realizar certas simplificacións no modelo que, en ningún caso, suporán unha perda de precisión nos resultados finais.



## Proceso 2. Simulación numérica

Unha vez obtida a xeometría en 3D do volume interior da Catedral, procederáse á definición dun modelo matemático que incorpore as leis que gobernan os fluxos de aire e que permitan analizar en detalle as liñas de corrente e aquelas zonas de baixo fluxo ou estancamento. Este modelo matemático componse, á súa vez, de varias etapas:

1. Discretización do volume interior en prismas de menor tamaño que permitan resolver as ecuacións gobernantes do fluxo en todo o recinto.
2. Aplicación de condicións de contorno. Nesta fase defínense as características de cada superficie que encerra o volume interior. Deste xeito, pásanse a definir aquelas superficies que actúan como paredes, aquelas que actúan como ventás ou portas, así como outro tipo de cerramentos ou superficies singulares que poidan ser identificadas.
3. Selección do algoritmo a empregar. En función das características da simulación e dos resultados que se desexen obter, defínense aqueles algoritmos que mellor se adaptan á resolución das ecuacións gobernantes do fluxo (modelo transitorio ou estacionario, modelo turbulento, etc)
4. Obtención dos resultados. Unha vez rematada a simulación, extráense os resultados no formato que se considera máis axeitado en función do uso que se lle vai dar (táboas, imaxes, renderizados, etc). É importante destacar que, mediante a realización dunha soa simulación numérica, é posible a análise dun gran número de variables en múltiples puntos do interior do recinto.

Para o desenvolvemento destas actuacións non é posible promover a concorrência pública, xa que o coñecemento do comportamento do aire no espazo interior da catedral e a posibilidade de prever con tempo suficiente medidas destinadas a regulalo ou modificalo é necesario para o deseño, desenvolvemento e implantación dun efectivo plan de conservación preventiva da Catedral de Santiago e do patrimonio artísticos que contén, entre o que destaca de forma senlleira o Pórtico da Gloria.

A singularidade do proxecto e as características do CITMAga como consorcio no que están presentes as tres universidades públicas de Galicia dificultan a posibilidade de promover a concorrência para a realización das actividades obxecto do convenio de colaboración.

Por outra banda, esta actuación está incluídas no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro das medidas Conservación das catedrais galegas e conservación e posta en valor dos Camiños de Santiago, do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego.

### **Segunda.- Execución.**

Para a realización conxunta deste proxecto prevese un prazo total para a execución do estudo de doce (12) meses, de acordo ás seguintes fases:

- FASE 1. Elaboración dun primeiro modelo simplificado da circulación de aire na Catedral



- FASE 2. Mellora do modelo tridimensional e simulación avanzada da circulación do aire
- FASE 3. Modificación das condicións de contorno basais e estudo de diferentes situacións que poden afectar á circulación normal de aire (instalación de lámpadas de gran potencia, peche de superficies e entradas de aire, etc).

Fases que terán o seguinte contido:

- FASE 1. Elaboración dun primeiro modelo simplificado da circulación de aire na Catedral
  - 1.1. Realización de medicións e elaboración de material gráfico do interior da Catedral
  - 1.2. Elaboración dunha primeira xeometría 3D simplificada do interior da catedral
  - 1.3. Primeiras simulacións empregadas para calibrar o modelo numérico e estudar posibles melloras
- FASE 2. Mellora do modelo tridimensional e simulación avanzada da circulación do aire
  - 2.1. Estudo e identificación de elementos non reproducibles mediante o uso de técnicas fotogramétricas
  - 2.2. Construción da xeometría 3D completa
  - 2.3. Simulacións numéricas da circulación do aire e estudo de novas variables de interese
- FASE 3. Modificación das condicións de contorno basais e estudo de diferentes situacións que poden afectar á circulación normal de aire (instalación de lámpadas de gran potencia, peche de superficies e entradas de aire, etc)
  - 3.1. Modificación do modelo 3D con novas singularidades xeométricas que se desexen introducir no modelo
  - 3.2. Análise da evolución das diferentes variables físicas consideradas
  - 3.3. Propostas de mellora en base aos resultados obtidos

### **Terceira.- Obrigas do CITMAga.**

Contratar ao persoal e adquirir ou aportar os equipos e materiais necesarios, así como ao pago dos custos indirectos e resto de gastos necesarios para desenvolver o estudo obxecto deste convenio de acordo co contido, deseño e programación das fases, proceso e metodoloxía prevista no convenio.

Realizar e coordinar a xestión administrativa e técnica dos traballos e actividades necesarias para o desenvolvemento do estudo obxecto do convenio.

Preparar, obter e elaborar a documentación xustificativa dos gastos realizados ao abeiro do convenio e á súa debida tramitación e xustificación ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Presentar e tramitar ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en tempo e forma, toda a documentación necesaria para xustificar os gastos realizados ao abeiro do presente convenio.



Presentar e entregar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a documentación técnica elaborada, o estudo e os seus resultados e o modelo matemático final realizado.

Designar a un representante que actúe como interlocutor técnico dos Servizos Técnicos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Fundación Catedral para facilitar as labores de seguimento, achega de documentación, coordinación e control do servizo a realizar ao abeiro do presente convenio.

#### **Cuarta.- Obrigas da Fundación Catedral de Santiago.**

Poñer á disposición da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o espazo da catedral para a execución dos traballos de modelización e toma de datos, así como os documentos dixitais das nubes de puntos e os levantamentos planimétricos do espazo interior da Catedral cos que conte.

Permitir e facilitar aos membros do equipo de CITMAga, responsable da realización dos traballos, o acceso ao interior da catedral para realizar as tomas de datos, medicións e comprobacións necesarias para realizar a modelización do espazo interior e o estudo para a elaboración do modelo que permita predicir o movemento e comportamento do aire.

En relación co anterior, a realización dos traballos dentro da Catedral sempre estará supeditada á salvagarda da absoluta precedencia dos usos habituais da Catedral sobre calquera outro. De forma concreta os traballos realizaranse tendo en conta as seguintes condicións:

- Non se poderá realizar ningunha actividade que moleste ou perturbe os actos de culto, as visitas culturais e cantas actividades ordinarias ou extraordinarias acolla a basílica.
- Deberanse atender as directrices do persoal da Catedral en todo momento.
- Os responsables da realización dos traballos no interior da Catedral coordinaranse co representante da Fundación Catedral coa antelación suficiente para que a programación das actividades resulte efectiva e viable.

Permitir e facilitar o acceso ao interior da catedral aos representantes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que realicen funcións de coordinación e seguimento dos traballos a realizar ao abeiro do presente convenio.

Facilitar datos e aportar a información técnica necesaria para localizar as posibles entradas e saídas de aire, coñecer a súas dimensións e mecanismos de apertura e peche, así como os protocolos de ventilación e de uso que se desenvolvan na Catedral de Santiago relacionados coa apertura e peche de fiestras, portas e ocos de ventilación, os réximes funcionais e temporais que os regulan tanto dos de carácter cotiá ou regular así como os que poidan ser extraordinarios ao longo dun ano natural.

Designar a unha persoa, pertencente aos servizos técnicos da Casa da Fábrica, para que preste apoio ao equipo responsable do traballo nos seus movementos pola catedral durante os traballos de mo-



delización, toma de datos e medicións e na identificación e localización de posibles aperturas de ventilación.

#### **Quinta.- Obrigas da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.**

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a financiar os traballos con cargo á aplicación 10.41.433A.640.1 (Código de Proxecto 2010 00680).

Entregar á Fundación Catedral de Santiago unha copia do estudo realizado e do modelo matemático deseñado, unha vez completado o mesmo e que este estea supervisado e informado polo Servizos Técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Designar a unha persoa, pertencente aos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para realizar o seguimento do servizo e o apoio técnico que poida precisar o equipo responsable da elaboración do estudo.

#### **Sexta.- Financiamento**

Os custos estimados para a realización do estudo obxecto do presente convenio son:

<b>Concepto</b>	<b>Ano 2022</b>	<b>Ano 2023</b>	<b>Total</b>
Custes directos	<b>29.704,85 €</b>	<b>29.878,54 €</b>	<b>59.583,39 €</b>
Persoal	19.850,68 €	17.482,71 €	37.333,39 €
Colaboración da UDC	4.687,50 €	6.562,50 €	11.250,00 €
Contratación externa (Optimización do modelo computación)	4.166,67 €	5.833,33 €	10.000,00 €
Equipo	1.000,00 €	0,00 €	1.000,00 €
Custes Indirectos	<b>6.295,15 €</b>	<b>5.621,53 €</b>	<b>11.916,68 €</b>
<b>Total Presuposto</b>	<b>36.000,00 €</b>	<b>35.500,07 €</b>	<b>71.500,07 €</b>

O investimento total a realizar pola consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sería de **setenta e un mil cincocentos euros con sete céntimos (71.500,07 €)**.

Dita achega financiará exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Tendo en conta que a estimación do presuposto realízase basicamente tendo en conta as condicións e os custos dos contratos laborais na situación actual e ante unha posible modificación das mesmas durante o prazo de execución, considerase admisible que se traspasen cantidades dun a outro concepto dos presupostados sempre que a modificación non represente máis dun 10% do custo estimado que figura no convenio e non se supere o importe total da achega a realizar pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Tampouco se verán incrementadas as cantidades correspondentes ás anualidades previstas.



### **Sétima.- Xustificación dos gastos.**

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante. <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Antes do 05-12-2022 débese xustificar os gastos que se corresponde coa primeira anualidade completa correspondente ao ano 2022.

Antes do 30-11-2023 débese xustificar os gastos que se corresponden coa segunda anualidade completa, a do ano 2023, completando a totalidade do traballo previsto.

Admitiranse exclusivamente a xustificación de pagos realizados a partir da data de sinatura do convenio.

Logo da realización dos traballos previstos neste convenio, o CITMAga entregáralle á consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o informe final e o resultado dos mesmos. A consellería, unha vez entregados os resultados dos traballos, realizará o libramento da cantidade establecida, logo da presentación das facturas e documentación que acredite os gastos realizados para a consecución dos obxectivos deste convenio, ordenadas segundo o concepto do gastos a que se atribúen e acompañadas da correspondente certificación dos gastos.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades diminuírase proporcionalmente.

O CITMAga responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

### **Oitava.- Publicidade.**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, as partes consenten na remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

### **Novena.- Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes**

Os resultados froito deste convenio, tales como, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do CITMAga e da Fundación Catedral de Santiago. Os resultados quedarán para futuras edicións e as partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento das outras partes.

A consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.



En calquera caso o CITMAga e a Fundación Catedral de Santiago poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio. Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

#### **Décima.- Vixencia do convenio.**

O convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata 31 de decembro de 2023.

#### **Undécima.- Comisión de Seguimento.**

Crearase unha comisión executiva e técnica para o seguimento deste convenio que estará composto por dous representantes da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dous representantes da Fundación Catedral de Santiago e dous representantes de CITMAga, entre os que deberá figurar, cando menos, un técnico responsable da dirección técnica dos traballos.

#### **Duodécima.- Modificación denuncia e rescisión do convenio**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará ás outras para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

#### **Decimoterceira.- Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Decimocuarta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protec-



ción de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Decimoquinta.- Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

#### **Decimosexta.- Normativa aplicable e xurisdición**

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **Decimosétima.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Ao estaren as partes conformes co pactado, asinan este convenio.

Pola Consellería de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e Universidades,

Pola Fundación Catedral de Santiago de Compostela,

Román Rodríguez González

Daniel Carlos Lorenzo Santos

Polo Consorcio de Investigación e Tecnoloxía  
Matemática de Galicia,

Rosa María Crujeiras Casais



### ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dona \_\_\_\_\_ con  
DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da  
entidade \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

DECLARA BAIXO A súa RESPONSABILIDADE:

A) Que para a seguinte actuación \_\_\_\_\_,  
dita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

#### AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

#### AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2022



**ANEXO II**

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO ÓRGANO COMPETENTE DA ENTIDADE CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMaga), DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da entidade \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obrigación por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(sinatura)



## ANEXO III

## DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dona \_\_\_\_\_, con  
DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da  
entidade \_\_\_\_\_, con  
CIF \_\_\_\_\_.

## DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que a entidade á cal representa é titular da conta corrente que a continuación se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio.

Entidade: (4 díxitos)

Sucursal: (4 díxitos)

Díxito de control: (2 díxitos)

Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(sinatura)

